



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 23 DE XUÑO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario en funcións</b></p> <p>D. Jose Manuel Fernandez Dios</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e tres de xuño do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**


Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación






**B) PROPOSTAS DE GASTO.**


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	16/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Parques e Xardíns Vicente A. Sieira Cores		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de vestiario para 20 peóns de limpeza de praias (Persoal temporal)		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DOSTEX, S.L. - TRIÑANES E HIJOS SUMINISTROS INDUSTRIALES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	785,29 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer, transporte e retirada de 3 contedores de obra para a brigada municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.		
NIF/CIF:	A15146608		
Importe (IVE incluído):	280,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Colocación e posterior retirada de balizas nas praias de Castro, Catía, Ameixida, Touro, Corna, Río Azor e Coroso		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. - EXCAVACIONES NIMA, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (20/06/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:	B15555923		
Importe (IVE incluído):	4.924,70 €		
Observacións:			






CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	4	Data	06/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais – Técnico Informático Esther Patiño Rey - Ramón Martínez Becerra		
DESCRICIÓN DO GASTO	Renovación do mantemento anual do Firewall Fortigate FC-10 nos equipos do Departamento de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L.		
NIF/CIF:	B36914380		
Importe (IVE incluído):	608,15 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción dun ¼ páxina con publicidade de turismo de Riveira na publicación especializada Hostalería Galega e Turismo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PORTAL LITERARIO 2020, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PORTAL LITERARIO 2020, S.L.		
NIF/CIF:	B15898661		
Importe (IVE incluído):	423,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	16/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de traslado de 28 mozos de Adeje de Santiago a Riveira e regreso, co motivo da celebración de actividades de irmanamento coa xuventude do Concello de Adeje		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE incluído):	396,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	16/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de comida e cea (30/06/2016) e almorzo (01/07/2016) a 28 mozos de Adeje, co motivo da celebración de actividades de irmanamento coa xuventude do Concello de Adeje		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MUNESCA, S.L.






CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


aportados			
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MUNESCA, S.L.		
NIF/CIF:	B15050800		
Importe (IVE incluído):	560,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	16/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de traslado á Illa de Sálvora (Máx. 60 persoas - 30/06/2016), co motivo da celebración de actividades de irmanamento coa xuventude do Concello de Adeje		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- TOURS RÍAS BAIXAS, S.L. - CRUCEROS DO ULLA, S.L. - CRUCEROS RÍAS BAIXAS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TOURS RÍAS BAIXAS, S.L.		
NIF/CIF:	B94018702		
Importe (IVE incluído):	792,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	16/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Parques e Xardíns Vicente A. Sieira Cores		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 1 soprador Stihl BG-86 e 1 desbrozadora Stihl FS-260 para a brigada municipal de parques e xardíns		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BARRAL HNOS., S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BARRAL HNOS., S.L.		
NIF/CIF:	B15224769		
Importe (IVE incluído):	968,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	10	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Deseño e impresión de 75 carteles A3 e 1500 panfletos con publicidade do programa "Riveira, festival de humor, novo circo, clown e teatro na rúa 2016"		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS., S.C. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS., S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		






CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego


Importe (IVE incluído):	424,71 €
Observacións:	

Nº Proposta	11	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Elaboración e impresión de 2000 cuadrípticos con publicidade da "Fiesta da Cultura 2016"		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS., S.C. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS., S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	311,86 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	20/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Elaboración e impresión de 50 carteis PVC con publicidade da "Fiesta da Cultura 2016"		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DOSTEX, S.L. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS., S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	447,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	22/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Informática Ramón Martínez Becerra		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer durante 5 meses de sistema de control biométrico (hardware, software e mantemento) para o Curso AFD de Atención Sociosanitaria		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PRESENZA SISTEMAS TECNOLÓXICOS, S.L. - NEWTON COLSULTORÍA I-FORMACIÓN
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PRESENZA SISTEMAS TECNOLÓXICOS, S.L.		
NIF/CIF:	B70434675		
Importe (IVE incluído):	1.010,35 €		
Observacións:			





Nº Proposta	14	Data	22/06/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo – Concellería de Deportes e Xuventude Fabiola García Martínez – Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Montaxe de escenario, valado e outras infraestruturas para a organización da proba deportiva “Cool Run” o 09/07/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIMENZONE, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIMENZONE, S.L.		
NIF/CIF:	B70425780		
Importe (IVE incluído):	8.000,00 €		
Observacións:	- Concellerías de Turismo e Xuventude: 2.500,00 € cada unha - Concellería de Deportes: 3.000,00 €		

### III.- CONTRATACIÓN.

#### 1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”.


Visto o expediente que se tramita para contratar a prestación do servizo de “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”, cun orzamento total por contrata de 95.953,00 euros (valor estimado do contrato: 87.230,00 euros; IVE 10%: 8.723,00 euros), cun prazo de duración de 2 anos, que se poderá prorrogar con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

O expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, o prego de prescricións técnicas redactado polo programador de exposicións do departamento de cultura Unai González Suárez de data 14/04/2016, o prego de cláusulas administrativas particulares e o correspondente gasto, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 21/04/2016.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 88, da data 10/05/2016, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data.

A esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. “Servicios Integraís de Formación, S.C.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2016 co número 6.066.
2. “Centro de Orientación de Estudos Comerciais, S.L.U.” (COESCO). Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2016 co número 6.137.
3. “Golfiño Xestión de Ocio, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2016 co número 6.149.





4. U.T.E. entre Fernanda Cores Ces e "In9 Eventos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2016 co número 6.162.

5. "Axiña Servicios Deportivos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/05/2016 co número 6.263, enviada a través da oficina de correos na data 25/05/2016.

6. "Serviplustotal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/05/2016 co número 6.264, enviada a través da oficina de correos na data 25/05/2016.

7. "Campa, Formación e Intervención Socioeducativa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/05/2016 co número 6.266, enviada a través da oficina de correos na data 25/05/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/05/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás sete empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada é correcta.


O acto público de apertura dos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 31/05/2016, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" ós servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran no Anexo II (criterios fase 1ª) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.


Con data 03/06/2016 os técnicos municipais Sandra Fernández Martínez e Unai González Suárez emitiron conxuntamente o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/05/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 08/06/2016, acordou:

- Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor:

Licitador	Programación	Calidade e organización temporal	Diminución ratio participante / monitor-docente	Reforzo de profesionais con titulacións relacionadas coas NEE	Melloras	Total Puntos
"Servicios Integrais de Formación, S.C."	11,00	8,00	7,00	3,00	3,00	32,00
"Centro de Orientación de Estudos Comerciales, S.L.U."	9,00	3,00	7,00	8,00	2,00	29,00





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

"Golfinho Xestión de Ocio, S.L."	17,00	5,00	4,00	6,00	5,00	37,00
U.T.E. entre Fernanda Cores Ces e "In9 Eventos, S.L."	10,00	3,00	0,00	0,00	3,00	16,00
"Axiña Servicos Deportivos, S.L."	8,00	2,00	0,00	0,00	2,00	12,00
"Serviplustotal, S.L."	11,00	2,00	3,00	6,00	3,00	25,00
"Campa, Formación e Intervención Socioeducativa, S.L."	9,00	2,00	6,00	6,00	3,00	26,00

Acto seguido, e xa en acto público, coa presenza de Fernanda Cores Ces en representación da U.T.E. entre Fernanda Cores Ces e "In9 Eventos, S.L.", e de Ana Isabel Pérez Carreira en representación da empresa "Golfinho Xestión de Ocio, S.L.", a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 08/06/2016, fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, dando o resultado seguinte:


Licitador	Oferta económica (polos dous anos de contrato, prórrogas excluídas)			Puntuación
	Valor estimado	IVE 10 %	Prezo total	
"Servicios Integrales de Formación, S.C."	79.927,00 €	7.992,70 €	87.919,70	42,68
"Centro de Orientación de Estudos Comerciais, S.L.U." (COESCO)	80.937,00 €	8.093,70 €	89.030,70 €	42,15
"Golfinho Xestión de Ocio, S.L."	68.228,45 €	6.822,85 €	75.051,30	50,00
U.T.E. entre Fernanda Cores Ces e "In9"	71.877,00 €	7.187,70 €	79.064,70	47,46
"Axiña Servicos Deportivos, S.L."	86.608,53 €	8.660,85 €	95.269,38	39,39
* "Serviplustotal, S.L."	87.913,75 €	8.791,38 €	96.705,13	---
"Campa, Formación e Intervención"	85.273,56 €	8.527,36 €	93.800,92	40,01

\* A oferta económica presentada por "Serviplustotal, S.L." non se puntuará por canto excede o prezo máximo total de licitación.


Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 08/06/2016, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión da data 09/06/2016, adoptou os seguintes acordos:

- Declarar excluída da licitación á empresa "Serviplustotal, S.L." por canto a súa oferta económica excede do prezo máximo total de licitación.

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do servizo dos "CAMPAMENTOS DE







*CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL”, do seguinte xeito:*

Orden	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1	“Golfinho Xestión de Ocio, S.L.”.	37	50,00	87,00
2	“Servicios Integrais de Formación, S.C.”	32	42,68	74,68
3	“Centro de Orientación de Estudios Comerciales, S.L.U.” (COESCO)	29	42,15	71,15
4	“Campa, Formación e Intervención Socioeducativa, S.L.”	26	40,01	66,01
5	U.T.E. entre Fernanda Cores Ces e “In9 Eventos, S.L.”.	16	47,46	63,46
6	“Axiña Servicios Deportivos, S.L.”.	12	39,39	51,39

- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación xustificativa das manifestacións que se fixeron constar na declaración responsable incluída no sobre “A” da súa oferta, que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 15/06/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa “Golfinho Xestión de Ocio, S.L.” presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 20/06/2016 co número 7.965), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/06/2016 (nº de operación: 2016 33003746), xustificativa de constitución da fianza mediante aval de Abanca (R.E.A. 355182) para responder do contrato por importe de 3.411,42 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 22/06/2016.





Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- Declarar excluída da licitación á empresa "Serviplustotal, S.L." por canto a súa oferta económica excede do prezo máximo total de licitación.

**TERCEIRO**.- De conformidade co establecido na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 09/06/2016, **adxudica-lo contrato de "CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL" á empresa "GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L." (NIF número B70072905), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 75.051,30 euros (Base: 68.228,45 euros; IVE 10%: 6.822,85 euros).**

b) **Prazo de duración: 2 anos, contados a partir da data da sinatura do contrato en documento administrativo, que se prestará nos seguintes períodos:**

**Campamentos Concilia de Verán:**

**ANO 2016:** Desde o 1 de xullo ó 31 de agosto de 2016 (42 días x 5 horas diarias para monitores e persoal docente e de apoio + 42 días x 2,5 horas para coordinador/a).


**ANO 2017:** Desde o 3 de xullo ó 31 de agosto de 2017 (42 días x 5 horas diarias para monitores e persoal docente e de apoio + 42 días x 2,5 horas para coordinador/a).

**Campamentos Concilia de Nadal:**

**ANO 2016/2017:** Desde o 19 de decembro de 2016 ata o 5 de xaneiro de 2017 (14 días x 5 horas diarias para monitores + 14 días x 2,5 horas para coordinador/a).

**ANO 2017/2018:** Desde o 26 de decembro de 2017 ata o 5 de xaneiro de 2018 (8 días x 5 horas diarias para monitores + 8 días x 2,5 horas para coordinador/a).

O contrato poderá prorrogarse con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas. Cada unha das prórrogas terá a duración de un ano. Por conseguinte a duración máxima que poderá alcanzar o contrato será de catro (4) anos, computando o período inicial máis as dúas prórrogas.





**CUARTO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**QUINTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

## **2.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE VIAIS E ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO DE RIVEIRA”.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 09/06/2016, acordou:  
**PRIMEIRO.-** Aprobar o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 03/06/2016, para rexe-la contratación das obras de “Sinalización horizontal de viais e espazos públicos do municipio de Riveira”, cun orzamento total de 60.137,00 euros (valor estimado do contrato: 49.700,00 euros; IVE 21%: 10.437 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación, como contrato menor.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.21001.


**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

**QUINTO.-** Anunciar a licitación no Perfil do Contratante do Concello.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia) na data 15/06/2016.

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas que, unha vez realizada pola Mesa de Contratación a apertura dos sobres de cada licitador, dou o resultado seguinte:

Licitador	Registro de Entrada		Factor “K”	Valor estimado (prezo sen IVE)
	Data	Número		
Marcas Viarias, S.L.U.	17/06/2016	7842	0,8000	39.760,00 euros
Tevaseñal, S.A.	20/06/2016	7929	0,8500	42.245,00 euros
Tarrío y Suárez, S.L.	20/06/2016	7950	0,9559	47.508,23 euros
Señalizaciones Norte, S.L.	20/06/2016	7951	0,8423	41.862,30 euros





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Api Movilidad, S.A.	20/06/2016	7993	0,8949	44.476,53 euros
Anllar Mantenim. y Constr.,	20/06/2016	8002	0,9200	45.724,00 euros
SVC Fabricación, S.L.	20/06/2016	8038	0,8200	40.754,00 euros
Aceinsa Salamanca, S.A.	21/06/2016	8143	0,8500	42.245,00 euros
Xalo Obras y Servicios, S.L.	21/06/2016	8144	0,9000	44.730,00 euros
Señalizaciones Eder, S.A.	21/06/2016	8146	0,8500	42.245,00 euros

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que segundo o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares aprobado para rexe-la contratación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta unicamente as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa máis vantaxosa economicamente, que será aquela que presente os prezos unitarios e polo tanto, o factor "K" máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 22/06/2016.


Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.


**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**Primeiro.**- Adxudicar o contrato menor para realizar as obras de "SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE VIAIS E ESPAZOS PÚBLICOS DO MUNICIPIO DE RIVEIRA" á empresa "Marcas Viarias, S.L.U." (NIF B70398730), no prezo total do contrato de 48.109,60 euros (Base: 39.760,00 euros; IVE 21%: 8.349,60 euros).

**Segundo.**- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**3.- APROBACIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA AVENIDA DA CORUÑA (RIVEIRA)".**





Visto o escrito remitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da data 17/06/2016 (que tivo entrada neste Concello na data 21/06/2016, co número 8088 do Rexistro), en relación co establecemento dun acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Riveira, para a execución das obras que teñen por obxecto a renovación de beirarrúas e servizos na Avenida da Coruña (Riveira).

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto técnico para realizar as obras de “Renovación de beirarrúas e servizos na Avenida da Coruña (Riveira),”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en maio de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 174.441,07 euros (valor estimado do contrato: 144.166,17 euros; IVE 21%: 30.274,90 euros) e cun prazo de execución de 4 meses.

**SEGUNDO.-** Comprometerse o Concello a poñer a disposición, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, de tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ó ser o Concello o titular das mesmas.


A estes efectos, tamén se compromete o Concello, se fora o caso, a prestar a aprobación ó proxecto técnico remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, unha vez supervisado polos servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**TERCEIRO.-** Asumir o Concello, unha vez recibidas as obras e logo de comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

**CUARTO.-** Facultar ó Alcalde-Presidente, se fose o caso, para a sinatura do correspondente Convenio.

#### **4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “ROZA DE MARXES E APERTURA DE CUNETAS NOS CAMIÑOS PÚBLICOS DO TERMO MUNICIPAL DE RIVEIRA”.**

Tendo en conta a necesidade de realizar os traballos de mantemento e limpeza das vías públicas mediante a roza de marxes e apertura de cunetas en estradas, rúas, camiños e demais espazos públicos do termo municipal de Riveira, a





enxeñeira municipal redactou un Prego de condicións técnicas e administrativas para executas as obras de "Roza de marxes e apertura de cunetas nos camiños públicos do termo municipal de Riveira", cun orzamento total de 60.452,21 euros (valor estimado do contrato: 49.960,50 euros; IVE 21%: 10.491,71 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 20/06/2016.
- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/06/2016, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 20/06/2016 (número de operación 2016 22009210), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.21000.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).


Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que, non obstante o anterior, considérase oportuno neste expediente que para a contratación das obras se anuncie a licitación no Perfil do Contratante do Concello.

Vistos os artigos 109, 110, 111, 114, 115 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de





Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- Aprobar o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 20/06/2016, para rexe-la contratación das obras de "Roza de marxes e apertura de cunetas nos camiños públicos do termo municipal de Riveira", cun orzamento total de 60.452,21 euros (valor estimado do contrato: 49.960,50 euros; IVE 21%: 10.491,71 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO.**- Aprobar o expediente de contratación, como contrato menor.

**TERCEIRO.**- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.21000.

**CUARTO.**- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

**QUINTO.**- Anunciar a licitación no Perfil do Contratante do Concello.

#### **IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**


Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





**VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Cadro de Vacacións 2016 do persoal do Concello de Riveira e, en concreto dos seguintes servizos municipais: Persoal OAC, Persoal Secretaría, Persoal CIM, Persoal Servizos Económicos Persoal Xardinería e Debroses, Persoal de Obras Persoal Servizos Sociais e Persoal UAD.**

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o Cadro de Vacacións 2016 do persoal do Concello de Riveira.**







2.- **Dáse conta** á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 16/06/2016 (Rexistrado de entrada en data 21/06/2016 co nº 8.093), no que remite certificación da sentenza nº 186/2016, de data 12/05/2016, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Proc. Abreviado nº 447/2014) interposto pola Comunidade de Propietarios Edificio Rúa Nove de Agosto, 57 de Riveira contra a resolución desestimatoria por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola recurrente en data 18/10/2013.

3.- Visto o escrito presentado por **Manuel Bande González**, de data 14/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7575), no que solicita a instalación dun espello de tráfico no lugar de Goda, 10 – Cruce de Goda con Queimadoiros (Artes).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 21/06/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Autorizar** a instalación dun espello de tráfico no lugar de Goda, 10 – Cruce de Goda con Queimadoiros (Artes), según o sinalado no citado informe policial.

4.- Visto o escrito presentado por **José Luis Lojo González**, de data 14/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7575), no que solicita a instalación dun espello de tráfico no lugar da Graña con Couso, así como que se tomen medidas para evitar a acumulación de auga diante da súa vivenda.


**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 21/06/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Desestimar** a instalación do espello de tráfico solicitado no lugar da Graña con Couso, debido a que non sería de todo efectivo pola distancia desde o cruce ata a súa vivenda, segundo o sinalado no citado informe policial.

Así mesmo, en canto á **acumulación de auga** diante da súa vivenda, unha causa probable é que o sumidoiro queda máis alto que a zona por onde discurre a auga, polo que se resolve que se lle dé traslado deste acordo ao departamento municipal competente para que evalúe o problema e proceda a tomar medidas para a súa solución no prazo máis breve posible.

5.- Visto o escrito presentado por **Concepción Dorca Mariño**, de data 03/06/2016 (Rexistro de entrada nº 6.891), no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Real (Corrubedo).





A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 16/06/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na intersección da Rúa Real co Porto (Corrubedo), inmediatamente despois da zona reservada para carga-descarga, coa súa correspondente sinalización vertical e horizontal, según o sinalado no citado informe policial.

6.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local dos escritos remitidos pola **Agencia Española de Protección de Datos**, de data 14/06/2016 (Rexistros de saída nº 181203/2016 e 181210/2016), e rexistrados de entrada nas datas 16 e 20/06/2016 cos números 7.770 e 8.034 respectivamente, e nos que remite resolución nº R/01462/2016 en relación ao procedemento nº AP/00074/2015, polo que se declara que o Concello de Riveira infrinxiu o disposto no artigo 6.1 da LOPD.

A **Xunta de Goberno Local**, vistos os escritos de referencia, por unanimidade dos presentes, **acorda** que por este concello se adopten as medidas de orde interno que impidan que no futuro puidera producirse unha unha nova infracción do artigo 6.1 da LOPD.


7.- Visto o escrito presentado por **Juan Carlos Pérez Pérez**, de data 20/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7.976), no que solicita autorización para a apertura do local (Bar) que se atopa no Parque Periurbano de San Roque (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a autorización de uso temporal do local de titularidade municipal sito no Parque Periurbano de San Roque (Riveira) a favor de **Juan Carlos Pérez Pérez**.

Condições de obrigado cumprimento:

- A autorización para a apertura do local é ata o 30 de setembro de 2016.
- Serán ao seu cargo tódolos gastos que se xeren pola adecuación, reforma e conservación do inmovible, así como os electrodomésticos, mobiliario e outro material de hostelería necesario.
- Tamén serán ao seu cargo tódolos gastos polos servizos de recollida do lixo, auga, sumidoiros e enerxía eléctrica que se ocasionen con motivo do funcionamento do local.






**CONCELLO  
DE  
RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

- Deberá facerse cargo, á súa costa, da limpeza do local e do entorno (terraza) que se utilice como complemento do mesmo.
- También se fará cargo da limpeza periódica dos aseos públicos ubicados no parque.
- O incumprimento do anterior será causa de caducidade da autorización concedida.
- A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Riveira en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.
- So producirá efectos entre o Concello e o titular da autorización, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.**


**Riveira, 23 de xuño de 2016**

**O Presidente da sesión**



**Fabiola García Martínez**

**Dou fe, o secretario en funcións**



**José Manuel Fernández Dios**

